

CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

Anuncio do 5 de febreiro de 2010 polo que se fai pública a resolución da Comisión de Valoración e Seguimento das listas de espera para a cobertura temporal de postos de traballo do consorcio pola cal se aproban as listas definitivas de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e persoas excluídas, para a ampliación das listas de espera na categoría de educadores/as infantís da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, xerocultores/as da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, terapeutas ocupacionais da provincia de Lugo e Ourense e enfermeiros/as da provincia de Ourense.

Este consorcio fai pública a Resolución do 5 de febreiro de 2010, da Comisión de Valoración e Seguimento, das listas de espera para a cobertura temporal de postos de traballo do consorcio pola cal se aproban as listaxes definitivas de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e persoas excluídas, para a ampliación das listas de espera na categoría de educadores/as infantís da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, xerocultores/as da provincia da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense, terapeutas ocupacionais da provincia de Lugo e Ourense e enfermeiros/as da provincia de Ourense.

O texto íntegro desta resolución e a lista das persoas que se atopan nesta situación están expostos no taboleiro de anuncios do consorcio, e na páxina web: www.igualdadebenestar.org.

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2010.

Roberto Rodríguez Martínez
Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

Anuncio polo que se fai pública a relación de convenios subscritos.

De conformidade co disposto no artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, polo que se aproba a Lei de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, faise pública a relación de convenios subscritos no terceiro cuadrimestre de 2009 por esta sociedade.

Luis Lamas Novo
Presidente da Sociedade Galega de Medio Ambiente

ANEXO

Data	Vencemento	Importe	Contratista	Referencia	Obxecto
12-7-2009	11-1-2010	4.792,20 € período	Feuga	CV009/2009	Prórroga do convenio de colaboración licenciado bioloxía, Elena Goiricelaya Seco.
12-7-2009	11-1-2010	4.792,20 € período	Feuga	CV009/2009	Prórroga do convenio de colaboración licenciado química, Manuel Nodar.
1-10-2009	31-12-2009	4.792,20 € período	Feuga	CV013/2009	Convenio programa bolsas diplomatura educación social, Nina Garabato Suárez.
22-10-2009	31-12-2009	Sen custo	Danigal, S.A.U.	CV010/2009	Posta a disposición da planta de clasificación de Danigal para o tratamento dos residuos procedentes da recollida selectiva que non poidan ser tratados por Sogama na súa instalación.
9-11-2009	8-11-2013	Sen custo	Concello de Curtis	CV011/2009	Convenio de colaboración para o establecemento das condicións básicas para a colaboración e cooperación técnica entre as partes dirixida á posta en funcionamento da microplanta de transferencia de Curtis.
23-11-2009	15-7-2010	500 € mes *alumno en prácticas	Universidade de Santiago de Compostela	CV014/2009	Convenio de colaboración entre Sogama e a Universidade de Santiago de Compostela para a realización de prácticas de estudantes que participen no master en enerxías renovables e sustentabilidade enerxética.
27-11-2009	26-11-2010	90.000 € IVE incluído	Concello de Ordes	CV12/2009	Convenio de colaboración para fixar as condicións técnicas e económicas de colaboración as partes para o fomento de desenvolvemento local sustentable mediante actuacións dirixidas a todos os sectores sociais de Ordes.
4-12-2009	31-12-2010	12.000 €	Federeación Galega de Atletismo (FGA)	CV014/2009	Convenio de colaboración entre Sogama e a FGA para participar na actividade desenvolvida pola FGA durante o ano 2010.